



PROGRAMA CINENSINO



PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES PARA A PREVENCIÓN DO CONSUMO DE ALCOHOL E OUTROS TRASTORNOS ADICTIVOS E COMPORTAMENTAIS NO EIDO ESCOLAR A TRAVÉS DOS MEDIOS AUDIOVISUAIS E AS TIC.

PROGRAMA INCLUÍDO NA CARTEIRA DE SERVIZOS EN DE PREVENCIÓN DO PLAN DE GALICIA SOBRE DROGAS DA DIRECCIÓN XERAL DE SAÚDE PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE SANIDADE.

PROGRAMA CINENSINO 2018-2019

PRESENTACIÓN

Cinensino é un programa de Educación en Valores para a prevención do consumo de alcohol e outros trastornos adictivos e comportamentais no eido escolar a través dos medios audiovisuais e as TIC dirixido ao ámbito escolar e ten, como obxectivos xerais:

- Reducir a prevalencia e intensidade no consumo de alcohol en menores e adolescentes.
- Racionalizar o uso das TIC previndo as adicións sociais e condutas relacionadas
- Atrasar ou impedir o inicio de condutas adictivas no eido escolar.

O programa vai dirixido á poboación escolar de 4º, 5º e 6º da EP e de 1º e 2º da ESO por ser nesta idade na que se producen as primeiras conductas adictivas. A intervención preventiva debe comezar antes de que se establezan patróns de adicións difíciles de cambiar.

Para a axeitada aplicación do programa, co fin de acadalos obxectivos finais, e preciso ter en conta os seguintes aspectos:

- 1.- O programa consta da proxección de 3 películas (unha cada trimestre), a realización das correspondentes unidades didácticas (compostas dun manual para o profesorado e un caderno para o alumnado), as actividades complementarias na internet e a posibilidade de facer un curso de formación para o profesorado online (dito curso é optativo). É importante ter en conta que a proxección das películas non é un fin en si mesmo, senón un medio para traballar as unidades didácticas.
- 2.- A participación no programa é de xeito voluntario. Os colexios e institutos de educación secundaria o comezo do curso escolar reciben o dossier informativo e as follas de inscrición. Unha vez inscritos os centros escolares, o profesorado participante debe comprometerse a levar a cabo a proposta de traballo descrita no dossier (prégase encarecidamente ler detidamente o dossier adxunto).
- 3.- Os participantes no programa (profesorado e alumnado) deberán visionar todas as películas de que consta o programa, para logo poder desenvolver axeitadamente os contidos na aula. Asimesmo, deberán colaborar e cooperar có persoal da sala de proxeccións, seguindo as indicacións destes, e mantendo o orde e a limpeza da mesma. Se recomenda ao profesorado non fumar diante dos rapaces. Todos somos modelos de saúde.
- 4.- As unidades didácticas deben ser cumprimentadas na aula exclusivamente. O termino da cumprimentación das unidades didácticas, o profesorado deberá comprobar o grao de cumprimentación das mesmas por parte do alumnado (o éxito do programa radica na axeitada aplicación dos materiais didácticos).
- 5.- Por último, e importante reseñar que a eficacia do programa depende en gran medida da implicación do profesorado. Agradecemos de antemán a vosa inestimable colaboración.

NOTA IMPORTANTE:

Na presente documentación inclúese una folla dirixida aos pais dos alumnos participantes na que se lles explica en qué consiste o Programa CINENSINO. Queda a criterio de cada un dos centros escolares decidir a pertinencia de facela chegar aos seus destinatarios.

PROGRAMA CINENSINO

Calle Méndez Núñez, nº 2. 2º Planta. 36.600. Vilagarcía de Arousa. Pontevedra.
Tfno: 886-164.774. Fax: 981-590.185. Móvil: 617-488.328
Email: info@cinensino.com